

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DA MAGDALENA DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2016

No salón de actos do edificio do Antigo Hospicio , situado na Rúa Méndez Núñez nº 11, Ferrol, sendo as 19:45 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio da Magdalena cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde. José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego e Normalización Lingüística. María Fernández Lemos, concelleira delegada da área de Urbanismo e Mobilidade.		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegá da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	27	Nº de homes:	13
		Nº de mulleres:	14

Desenvolvemento da sesión:

Olalla López da empresa Rexenerando S.Coop Galega inicia a reunión presentando o contido da asemblea.

Álvaro Montes agradece a asistencia dos veciños e veciñas e lembra que a asemblea é para debater os temas que preocupan ao barrio e para elixir os cargos nos órganos de participación cidadá.

A continuación, intervén o Alcalde que agradece a presenza de todos e todas e recorda a importancia da participación como marco formal para escoitar as propostas para o barrio.

De seguido, Olalla López comeza a tratar o primeiro tema da asemblea que é a elección de cargos, explica en que consisten as Asembleas de Barrio e o Consello da Veciñanza, así como os cargos que cómpre elixir para representar ao barrio nestes órganos de participación cidadá.

Suscítase un pequeno debate entorno a este tema e un dos veciños (Bernardo Lorenzo) propón como candidata á vicepresidencia da Asemblea de Barrio a Teresa Rodríguez veciña tamén do barrio.

Continúa o debate sen pechar o apartado de candidaturas deixándose este tema para o final da asemblea.

Pasase ao seguinte apartado da asemblea relativo aos temas do barrio e sucédense as seguintes intervencións:

Intervención 1: Luis Taboada propón tres cousas relativas á participación cidadá:

- A existencia de asembleas de barrio xeneralistas.
- A existencia de asembleas de barrio para temas específicos.
- A celebración de plenos municipais cidadáns, unha vez ao mes, para que os concelleiros e concelleiras recollan as ideas que parten da cidadanía.

Intervén o Alcalde para indicar que o vixente Regulamento de Participación Cidadá do Concello é moi estrito e rixido e, por exemplo, de cumprilo nos temas das Asembleas de Barrio, tal como está hoxe a organización territorial, levaría consigo facer 96 reunións anualmente, polo que sería conveniente cambiar o modelo actual. Por outro lado, entende que xa nas propias Asembleas de Barrio trátanse temas xerais.

En relación coa proposta de plenos municipais cidadáns manifesta que é partidario de buscar outro tipo de formatos que faciliten a participación pois esta iniciativa levaría consigo a que sempre interveñan a mesma xente.

En relación co tema da peonalización do barrio a idea do goberno municipal é facela no ano 2017, buscando as mellores solucións posibles como, por exemplo, a que se puxo en práctica no Concello de Santiago coas denominadas rutas escolares seguras, que é un tema que funciona e que xa está probado noutras cidades.

Intervención 2: Intervén Fina Deibe para indicar que os cambios non son doados. A peonalización débese facer pero con medidas concretas, falando con todos os sectores implicados para que o impacto sexa o menor posible. As cousas débense facer paso e paso e os debates con colectivos estancos levan consigo que nunca se poñan de acordo. Incide, tamén, en que a cidadanía debe escoller as súas condicións de vida pois a peonalización é irreversible. Pensa, tamén, que o máis importante é o transporte público circular e non ocupar as rúas cos coches. Por último, subliña que confía en que exista un estudio previo para que isto non sexa un caos.

Intervén a continuación o Alcalde para indicar que peonalizar é complexo e que precisa de moitas medidas complementarias. No noso caso xa contamos cun documento con 500 medidas para peonalizar Ferrol pero o importante é planificar ben a comunicación e a busca do consenso.

Intervención 3: Toma a palabra un veciño que di que vive na Rúa Magdalena, manifesta que non coñece en que consiste o proxecto, se se vai a facer por fases ou todo xunto, e se a idea é facelo en Semana Santa.

O Alcalde resposta indicando que a idea xa a pasamos ao resto de grupos municipais e o proxecto de supermazá xa estaba na web, e que agora imos a explicalo. A idea inicial é facelo como en Pontevedra, é dicir, todo xunto e non por fases, estase a traballar en conquistar espazo para aparcamentos disuasorios (sobre 300 prazas). O proxecto de peonalización vai dende a Praza de España ata a rúa San Diego e fàrbase todo dunha soa vez. Tamén, estamos a falar coa empresa titular da concesión do aparcadoiro da Praza de España e a do Mercado da Magdalena para conquistar bonificacións.

Intervención 4: Toma a palabra un veciño indicando que o vixente Regulamento de Participación Cidadá (en adiante RPC) o aprobaron todos os partidos. Pregunta se se ten pensado modificar o RPC para que non quede no caixón como na etapa anterior. Quéixase de que a atención no Concello á cidadanía é mala, pois o outro día por un tema dun colector de lixo tivo que ir a 6 oficinas distintas para que ao final lle

resolveran o seu problema a medias. Quéixase, ademais, de que ás veces existen determinadas dependencias nas que non está o funcionario para atender a cidadanía e pide que se tomen medidas para mellorar esta atención cidadá por parte do persoal do Concello.

Álvaro Montes en relación co RPC manifesta que a motivación para participar vólvese negativa cando se aproban as cousas e logo quedan no caixón. Di, tamén, que non vai a entrar a valorar os procesos de participación cidadá de anteriores gobernos municipais pero si ten claro que existe unha falta de enerxía e motivación na cidadanía, por tal motivo subliña que dende a súa área vaise a desenvolver no último trimestre do ano unha actividade formativa para fomentar a participación na xente nova que se celebrará en distintos centros educativos da cidade e que rematará coa celebración dun foro cívico de mocidade en formato plenario.

En relación coa atención cidadá subliña que os procedementos administrativos son lentos e dificultosos, faltan cartas de servizo, é un tema no que reconece que hai que mellorar en breve para canalizar as distintas vías de entrada de queixas e suxestións e conquistar que exista unha retroalimentación nas respostas á cidadanía que hoxe non existe. Neste sentido o ideal é traballar en que haxa coordinación e canalizar todo a través dun único departamento.

Intervención 5: Toma a palabra Alfredo, veciño do barrio e que vive na rúa Dolores, para manifestar que cre que é importante o proxecto de peonalización do barrio e que se debería testar previamente. Preocúpalle se este proxecto vai a ter continuidade con independencia de quen estea no goberno municipal. Pensa que se deben concretar as fases de actuación, as medidas a tomar e sobre todo informar á cidadanía para que non ocorra o que pasou coa Praza de España. Pregunta se existe acordo para que isto teña continuidade, pregunta se existe mais dun proxecto, que ocorre co mobiliario, aparcamentos etc., e, por último, pide que a cidadanía decida cal é o proxecto.

Toma a palabra Maria Fernández Lemos para lembrar que todo isto nace co plan de mobilidade que no ano 2009 aprobou o goberno PSOE-EU e que tivo continuidade despois e que estamos a traballar pois sobre proxectos que veñen de gobernos anteriores. O traballo é continuo. Agora mesmo estamos a desenvolver un proxecto de execución para facelo canto antes, pódese consultar na web e en Urbanismo, e temos pensado desenvolver tamén unhas xornadas sobre este tema. En canto ao tema do mobiliario xa estaba aprobado por Patrimonio da Xunta de Galicia.

O Alcalde toma a palabra e insiste en que non se peonalizará o barrio sen antes resolver o tema do aparcamento e outros temas adxacentes, e insiste en que se toma como referencia o modelo de Pontevedra para facelo todo xunto e non por partes. Considera fundamental a opinión da xente que vive no barrio.

Intervención 6: Toma a palabra Teresa Rodriguez, veciña do barrio, para manifestar que as comparacións entre cidades son odiosas. No caso de Pontevedra o barrio o melloraron en máis aspectos e non só na peonalización, existen máis cousas arredor da mesma. No barrio da Magdalena as rúas están moi mal, agora fanse arranxos nas vivendas pero as rúas están abandonadas, pregunta se se vai facer algo coas rúas.

María Fernández Lemos respóstalle que non se pode facer todo á vez e imos a intentar das pasos.

Intervención 7: Un veciño lembra neste momento a fochanca que existe na rúa Coruña á altura do edificio dos xulgados.

Intervención 8: Intervén un veciño do barrio para preguntar porque a mazá onde está o Casino e a mazá de Taca, que teñen máis de 50 anos, están impecables e porque o resto hai que arranxalo unha e outra vez.

Conclúe que dende hai 40 anos non se fai unha obra ben e que no barrio levamos toda a vida en obras.

Intervención 9: Fina Deibe lembra que hai anos fíxose unha campaña de eliminación de barreiras arquitectónicas nos comercios e pregunta se hai algo contemplado agora neste senso.

María Fernández Lemos di que o Concello facilita ese tipo de obras que ás veces é viable e outras non e lembra que este ano houbo unha campaña de axudas da Xunta de Galicia para este tipo de obras.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 21:05 horas.

Presentaron a súa candidatura para ocupar os cargos que representen ao barrio nos órganos de participación cidadá os seguintes veciños e veciñas:

- Vicepresidencia da Asemblea de Barrio (A título individual): Teresa Rodríguez Martínez.
- Consello da Veciñanza: Ramón Fernández Alfonzo.

O alcalde

O traballador municipal

Asdo. Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro